



ANTEPROXECTO DE LEI DO ABORTO

Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galiza

O Consello de Ministros aprobou a finais de 2013 o anteproxecto de Lei Orgánica de Protección da Vida do Concebido e os Dereitos da Muller Embarazada, que reforma a actual Lei da Saúde Sexual e Reprodutiva e Interrupción Voluntaria do Embarazo aprobada por ampla maioría en 2010.

A principal razón do goberno do PP para este cambio é o compromiso adoptado no seu programa electoral onde son máis que evidentes os incumprimentos da práctica totalidade dos compromisos electorais do actual goberno.

O que cambia esta lei:

- **Prazos.** Ata agora as mulleres podían abortar sen alegar ningunha razón nas primeiras 14 semanas de xestación. É unha lei de prazos similar a que hai na maioría de países da Unión Europea como Holanda ou Francia. Isto elimínase. Voltamos aos supostos da lei de 1985. As mulleres xa non terán dereito a abortar senón que deberán xustificar que os intereses do feto entran en conflito cos propios.
- **Supostos.** Os supostos son os que había na lei anterior: risco para a saúde física ou psíquica da nai (ata a semana 22), violación, pero elimínase o suposto das anomalías fetais. Ese suposto queda supeditado aos efectos que esa doenza ocasione na súa nai. Debe garantirse que a muller sufrirá un dano “non irreversible pero sí importante e duradeiro” na súa saúde física ou psíquica. Para isto pídesse un informe motivado por dous médicos especialistas que non poden traballar no centro onde se practique o aborto.
- **Procesos de información.** Ofréceselles ás mulleres información e asesoramento sobre os seus dereitos e as axudas das que pode dispor. Despois de recibir esta información a muller está obrigada a un período de reflexión de sete días, catro máis dos que establecía a lei ata agora.
- **Publicidade das clínicas que practican abortos.** Prohíbese calquer anuncio de centros médicos que ofrezan a posibilidade de interromper o embarazo das mulleres.

Dende a Asemblea de Mulleres do STEG defendemos a vida e queremos que sexa un valor na nosa sociedade. Pero non a vida en abstracto, senón as vidas concretas coa súa diversidade de expresións apostando por unha vida digna de nenas e nenos. Queremos que cheguen ao mundo sendo queridas/os e desexadas/os e non resultado dun erro ou dun accidente. E ademáis impórtannos igualmente a vida das mulleres que se poñen en risco cun aborto clandestino ou que han de viaxar a outros países para poder abortar. As mulleres teñen dereito a abortar nas condicións médico-sanitarias que se esperan dun país europeo no ano 2014.

O aborto ten unha larga historia: unhas veces foi tolerado, outras legalizado e outras penalizado. As prohibicións nunca conseguiron evitalos, senón unicamente convertilo nun procedemento de alto risco para a saúde, a vida e a liberdade das mulleres.

O aumento das cifras de abortos revelan o fracaso e os límites da **escasa educación afectiva e sexual que se está levando a cabo no noso país**. Escasa, restrinxida en moitos IES e orientada en exclusiva á información biolóxica e anticonceptiva. Non está encamiñada a recoñecer a diversidade de expresións da sexualidade humana nen a fomentar na sexualidade os mesmos valores que consideramos esenciais noutros ámbitos das relacións interpersoais e sociais, como a igualdade, a autonomía, o respecto das nosas decisións, o coidado de nós e dos demáis.

As razóns para manter a lei actual:

1. **Porque respecta ás mulleres:** o recoñecemento dun prazo no que as mulleres poidan decidir libremente se queren seguir adiante ou non co seu embarazo é a única maneira de non lesionar a súa liberdade.
2. **Porque non distingue entre pobres e ricas.** Unha lei restritiva non diminúe o número de abortos, só provoca que as mulleres sen recursos económicos o fagan en peores condicións, polo que a discriminación por razón de sexo se une á discriminación por condición social.
3. **Porque funciona:** en tres anos de vixencia non se produciron denuncias nen complicacións sanitarias de ningún tipo.
4. **Porque é a maioritaria en Europa:** a lexislación de prazos é a máis establecida nos países da nosa contorna.
5. **Porque a poboación está conforme.** Sengundo a última enquisa de *Metroscopia* o 53% apoia unha lei de prazos.
6. **Porque é unha lei eminentemente preventiva:** a actual lexislación contempla a prevención e a educación afectiva e sexual de toda a poboación.
7. **Porque a súa derogación supón un retroceso social de décadas.** Perder en 3 anos o que tardamos 30 en conseguir lévanos ao pasado con difícil volta atrás.

Por todo isto, dende a Asemblea de Mulleres do STEG pedimos a retirada deste anteproxecto posibilitando que a decisión da muller de ser nai sexa unha cuestión individual sen imposicións. A lexítima e necesaria protección da vida en xestación cremos que non debe prevalecer sobre os dereitos das mulleres a decidir sobre o seu propio corpo.

Asemblea de Mulleres do STEG